



"mago DEIMI"

ESPECTÁCULO DE MAXIA

MAGO DEIMI (O artista)

Damián Varela é "**O mago Deimi**".

Natural de Ribadavia (Ourense) tivo a afección da maxia dende cativo, unha paixón que lle está acompañando toda a vida e así se pode comprobar en calquera dos seus espectáculos.

Formación adquirida con grandes mestres e tamén de forma autodidacta para ir, co paso dos anos, adquirindo unha personalidade propia e deixando unha impronta característica nos seus espectáculos.

Damián Varela foi a máis cos anos e ademais de mellorar a técnica adquiriu unha empatía e unha forma de facer chegar a maxia moi humorística. Tal é así que de actuacións privadas ou eventos, pasando por actuacións en Salas e Teatros está metendo a cabeza xa no terreo audiovisual. Ten realizado interesantes colaboracións en programas da Televisión de Galicia como "**Entre nós**", "**Máis Retranca**" e incluso unha aparición na coñecida serie "**Pazo de familia**". Actualmente está gravando para a mesma canle o programa "**Cámara Gags**" da coñecida **Produtora CTV** que se emitirá a principios de 2018.

Vídeo promocional:

http://www.youtube.com/watch?v=bPsyK3zfYUM&feature=youtu_gdata_player

“MAGO DEIMI” (O show)

En canto á posta en escena, Mago Deimi ofrécenos un espectáculo de maxia moi variada e divertida onde predomina o seu dinamismo cun estilo cómico e desenfadado. Tamén cabe destacar a variedade de xogos de maxia: cartomaxia, manipulación, escapismo, mentalismo, maxia bizarra, levitacións, aparicións, maxia con lume, desaparicións, transformacións...

E todo acompañado de moi bo humor, música de fondo para marcar o ritmo da maxia e a participación activa do público.

DURACIÓN

O espectáculo ten unha duración aproximada de 60-70 minutos.

NECESIDADES TÉCNICAS

- Micro inalámbrico de diadema, equipo de son para poder reproducir audios en MP3 que forman parte do espectáculo.
- Tarima ou escenario de 3 x 3 metros aproximadamente.
- Luz básica en escenario para espectáculos de interior.

Contacto:



E.Mail: hermanagerproducciones@gmail.com

Teléfono: 657014555